



Asunto: Informe favorable condicionado de envío a verificación da modificación do Master universitario en Enxeñaría Informática, para o curso 2018-2019

En cumprimento do establecido na Orde de 20 de marzo de 2012 polo que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 161/2015, do 5 de novembro, a **Universidade de Vigo**, mediante escrito de data 28 de xullo de 2017, solicita autorización de envío a verificación da modificación do Master universitario en Enxeñaría Informática, para o curso 2018-2019, para o que remite a seguinte documentación:

- Memoria Xustificativa
- Memoria Económica
- Memoria de Verificación
- Certificado do Consello de Goberno da UVIGO do 19 de xullo de 2017
- Certificado do Consello Social da UVIGO do 27 de xullo de 2017

Características actuais do título:

- Campus: Ourense.
- Centro de impartición: Escola Superior de Enxeñaría Informática.
- Créditos ECTS: 90.
- Modalidade de ensinanza: presencial.
- Número de prazas ofertadas: 50.

Modificación solicitada:

- Actualización da Normativa de Permanencia e do Regulamento de Estudos de Posgrao.
- Actualización do Coordinador do Título.
- Inclusión das competencias transversais fixadas pola Universidade de Vigo.
- Elimínase a necesidade de cursas complementos formativos para os titulados en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión da Universidade de Vigo.
- Desaparecen as especialidades "Deseño e administración de sistemas e redes" e "Dirección informática"; incorpóranse as especialidades "Ciberseguridade en sistemas e redes" e "Investigación en Enxeñaría Informática"; e como consecuencia introdúcense novas materias e competencias, e resígnanse as existentes.
- Actualízase a información sobre os recursos humanos e materiais dispoñibles.
- Actualización do progreso e resultados de aprendizaxe do alumnado.
- Cambios na táboa de adaptacións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

Esta Secretaría Xeral de Universidades emite **informe favorable** de envío a verificación do **Master universitario en Enxeñaría Informática, para o curso 2018-2019, condicionado** ao seguinte:

- ✓ No caso de aumento do número de materias ou créditos non se computará aos efectos do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020.
- ✓ Debe modificar a denominación "Ciberseguridade" na especialidade "Ciberseguridade en sistemas e redes" por coincidir coa denominación dun futuro máster universitario.

No suposto de que a memoria presentada para emitir este informe resultase modificada no posterior proceso de verificación do título, a universidade deberá achegar (en formato electrónico), unha nova memoria indicando as modificacións efectuadas.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

O secretario xeral de Universidades.



José Alberto Díez de Castro

Ana M^a Graña Rodríguez

Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado

Universidade de Vigo